



## NOVEMBRO MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS

### Sementeiras de curiosidade científica

Elena Vázquez Cendón

O mes de novembro ten moitos sabores, e un deles é o da ciencia. Neste mes, no que celebramos o noso patrón, san Alberte Magno, asumimos o compromiso de compartila. A ciencia é un dos sabores do saber. Para degustala, é moi importante a nosa participación activa, e o grande activador é a curiosidade. Precisamos formular preguntas para saborear a ciencia e a lingua permítenos degustala, e tamén é a canle para contar e escoitar as respostas.

Na ecuación da curiosidade científica, as persoas son incógnitas ao principio, e parte da solución cando se resolve. Todas estas persoas teñen traxectorias que sementan ciencia polas súas vivencias e polo recoñecemento das súas achegas. A pregunta de onde atopalas ten moitas respostas nas bibliotecas. Elas son sementeiras moi vivas da curiosidade científica, en cada casa, en cada centro educativo ou recreativo, e tamén nos edificios cuxa identidade é ser biblioteca. Cada libro que enche os seus andeis, ao pasar polas nosas mans, convértese nunha semente viva que activa as cores coas que o noso máxín ilustra as persoas que nos permitiron chegar a este momento, e transmiten as vibracións das persoas que os abrimos. Esta conexión cos libros sacia inicialmente a sede de querer entender e deixa unha valiosa semente para ser as científicas e científicos que acharán as solucións aos problemas que hoxe nos formulamos.

As persoas que traballamos e gozamos no mar da ciencia temos o compromiso de mantela viva, sen edulcorar o esforzo necesario para cada novo achado; os libros son tamén as testemuñas dos tempos e contextos nos que agromaron. Por iso a aposta pola educación, a investigación, a transferencia e a divulgación debe ser un compromiso colectivo que, desde a honra que se me ofrece, asumo. E fágoo extensivo e agradézollelo, entre outras, a todas as persoas que sementaron libros de ciencia en galego: ás que fixeron agromar persoeiros admirables da ciencia galega, unha longa lista que segue medrando no *Álbum da Ciencia* do Consello da Cultura Galega, como Ánxeles Alvariño, Antonia Ferrín, Domingo Fontán, José Rodríguez, Vicente Vázquez Queipo, María Wonenburger...; ás persoas que, despois de sentir como libros que un día abrimos sementaron en nós a paixón pola ciencia, apostaron pola súa tradución ao galego, e tamén ás persoas que investiron o seu talento e coñecemento na divulgación, poñendo o acento na ciencia que se fixo e na que se está a facer, para axudar a sementar cada libro que está por agromar!

**Elena Vázquez Cendón é doutora en Matemáticas e decana da Facultade de Matemáticas da USC. É membro do Consello da Cultura Galega e preside o Estalmat-Galicia.**



Fotografía: Xurxo Lobato